



A toda a comunidade celtista;

Dende a nosa fundación en agosto do ano 1923, o noso club e mailos seus afeccionados caracterizáronse pola defensa duns valores concretos vencellados á tradición e cultura galega. Sempre estivemos orgullosos do noso, ao tempo que reclamamos o máximo respecto polo alleo.

A nosa Afouteza non entende de comportamentos violentos e cánticos de índole racista, xenófoba ou homófoba, así como de calquera outra expresión de odio e intolerancia, que nunca tiveron nen terán cabida entre os nosos siareiros.

Ti, como parte fundamental da nosa familia, eres ese xogador número 12 que da pulo aos nosos futbolistas en cada partido, respetando sempre aos clubs e afeccionados rivais. Debemos animar e vivir o fútbol dun modo que non dane a imaxe da nosa case centenaria institución, nen a dunha hinchada que sempre se caracterizou polo seu comportamento señorial.

É tarefa de todo o celtismo que esta imaxe continúe sendo todo un exemplo de corrección e saber estar nun recinto deportivo.

Grazas a todos e todas.

Sempre Celta, por historia e tradición.

SEDE

Calle Príncipe 44
36202 Vigo · España
Tel. +34 986 110 900
Fax. +34 986 292 040

ESTADIO

Avda. de Balaídos, s/n
36.210 Vigo · España
Tel. +34 986 213 234
Fax. +34 986 214 764

MADROA

A Madroa, s/n - Candeán
36.317 Vigo · España
Tel. +34 986 281 862
Fax. +34 986 281 898



ER - 0384/2017
Departamento de
administración y finanzas



ER - 1171/2018
Departamento de
seguridad e instalaciones



//ABANCA

